

**COTOBADA****A N U N C I O**

De conformidade co establecido no artigo 59.5 e 61 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a imposibilidade de practicar a notificación da resolución ditada o 30/06/2014 comunícase ao interesado que o expediente está a súa disposición na Secretaría do Concello de Cotobade para a súa consulta en horario de 9 a 13 horas.

<i>EXPEDIENTE</i>	<i>DESTINATARIO</i>	<i>PARCELA</i>	<i>ACTO OBXECTO DA NOTIFICACION</i>
EXECUCION SUBSIARIA	MARINA REMUDO SUÁREZ	Polígono 68 Parcela 1076	Execución subsidiaria limpeza parcela
Cotobade, 04 de xullo do 2014.—O alcalde, Jorge Cubela López.			2014006275

\* \* \*

**CRECENTE****A N U N C I O**

En cumprimento do artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, exponse ao público a conta xeral correspondente ao exercicio 2013 do concello de Crecente, por un prazo de quince días, durante os cales e oito máis quen se estimen interesados poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes.

En Crecente, a 15 de xullo de 2014.—A Alcaldesa, Marisol Gómez Domínguez. 2014006418

\* \* \*

**MORAÑA****A N U N C I O**

O Pleno do Concello de Moraña, en sesión ordinaria do día 10-07-2014, acordou a aprobación inicial da Ordenanza municipal reguladora do servizo de saneamento, e en cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado e se presenten as reclamacións que estimen oportunas.

Si transcorrido dito prazo non se houberen presentado alegacións, considerarase aprobado definitivamente dito acordo.

Moraña, 11 de xullo de 2014.—A Alcaldesa, María Luisa Piñeiro Arcos. 2014006226

**BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ASOCIACIONES E ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA O ANO 2014****1ª.—OBXECTO DA CONVOCATORIA**

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento de concesión de subvencións en réxime de libre concorrência para fomentar as actividades que no eido da cultura, educación e o deporte promovan persoas xurídicas, asociacións e entidades sen ánimo de lucro, consideradas de interese social para o Concello de Moraña.

**2ª. – BENEFICIARIOS**

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria as persoas xurídicas, asociacións ou entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter o seu domicilio social no Concello de Moraña.
- Desenvolver a súa actividade dentro do ámbito municipal.
- Estar validamente constituída e rexistrada no Rexistro Municipal de Asociacións.
- Carecer de fins de lucro.
- Non ter pendente de xustificación ningunha subvención ou axuda económica co Concello de Moraña.

**3ª. – PROGRAMAS SUBVENCIONABLES**

Poderanse solicitar subvencións para as seguintes actividades:

- a) Actividades de promoción e cooperación cultural, formativas ou similares.
- b) Actividades de promoción do deporte ou realización de eventos deportivos.

**4ª. – CONTÍA E LÍMITE DAS SUBVENCIONS**

O conxunto das axudas recibidas en ningún caso poderá superar o 100% do custo da actividade que vaia desenvolver o beneficiario.

Quedan excluídos como subvencionables os gastos en comidas, pinchos e invitacións a participantes así como as excursións lúdico-recreativas.

As subvencións, que serán financiadas con cargo á aplicación presupostaria 33.480, terán un límite máximo de 14.000,00 euros.

As subvencións son compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

**5ª. – SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN**

Para cada actividade presentarse a seguinte documentación:

- Instancia individualizada para cada actividade, asinada polo representante legal.
- Certificado da conta bancaria.
- Certificado da tesourería municipal conforme se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias coa facenda do Concello de Moraña.
- Declaración do representante legal da entidade solicitante na que consten as subvencións e ou axudas obtidas ou solicitadas para a mesma finalidade.
- Memoria explicativa das accións que se pretenden realizar, con especificación da data, lugar de celebración, obxectivos perseguidos e estimación de beneficiarios.
- Orzamento de gastos e ingresos da actividade que se solicita, detallando cada un dos gastos en unidades e prezos (coas facturas proformas que correspondan).
- Memoria das actividades realizadas pola Asociación no ano 2013.

**6ª. – PRAZO DE PRESENTACIÓN**

A instancia xunto coa restante documentación presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Moraña, no prazo de 30 días contados desde o día seguinte ó da publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia.



No suposto de que as solicitudes presentadas non reúnan os requisitos sinalados, requirirase aos interesados para que no prazo de dez días emenden as anomalías advertidas, procedéndose, en caso contrario, ao arquivo da solicitude.

#### 7ª.—CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS

##### *Baremo:*

Os criterios de valoración serán os seguintes:

- a) Interese xeral da actividade no ámbito municipal, cunha puntuación máxima de 3 puntos.
- b) Número de beneficiarios, cunha valoración máxima de 4 puntos, coa seguinte escala:
  - 1.—De 0 a 20 beneficiarios..... 1 punto
  - 2.—De 21 a 40 beneficiarios..... 2 puntos
  - 3.—De 41 a 60 beneficiarios..... 3 puntos
  - 4.—De máis de 60 beneficiarios..... 4 puntos
- c) Actividades realizadas no exercicio 2013, cunha valoración máxima de 2 puntos, coa seguinte escala:
  - 1.—De 1 ata 5 actividades..... 1 punto
  - 2.—De máis de 5 actividades..... 2 puntos
- d) Volume de subvencións concedidas á actividade para a mesma finalidade, cunha valoración de 1 punto, para aquelas que contén con algunha subvención.

#### 8ª.—ESTUDO E CONCESIÓN DE SUBVENCIONS

A tramitación do expediente de concesión de subvencións será o seguinte:

- 11.—Informe da Comisión Informativa de Cultura, Educación e Turismo.
- 21.—Resolución do Pleno.

#### 9ª.—ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E COMPROMISOS

Os beneficiarios das subvencións, unha vez que reciban o acordo de concesión, disporán dun prazo de 15 días para aceptar expresamente a subvención e comprometerse a destinala á actividade subvencionada.

No suposto de que algunha entidade acepte a subvención e logo non realice a actividade, sen causa xustificada, perderá o dereito a solicitar unha subvención no exercicio seguinte.

#### 10ª.—REFORMULACIÓN

Os beneficiarios dunha subvención, por razóns xustificadas, poderán solicitar a reformulación da solicitude presentada cando o importe da subvención sexa inferior ao solicitado. O presuposto da reformulación nunca poderá ser inferior ao 50% do presuposto inicial presentado.

#### 11ª.—PATROCINIO

As entidades beneficiarias das subvencións da presente convocatoria quedan comprometidas a establecer de forma clara nos exemplares dos programas, carteis anunciadores, etc., mención expresa do patrocinio do Concello de Moraña, para o cal deberán presentar a documentación que xustifique o dito patrocinio.

No suposto de que non xustifiquen debidamente a publicidade do patrocinio, perderán o dereito a cobrar a subvención concedida.

A entidade beneficiaria notificará ao Concello de Moraña, ao menos cun mes de antelación, as datas, o horario e a duración da actividade que se vai realizar, sempre que sexa posible.

**12ª.—XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN E COBRO**

Os beneficiarios das subvencións deberán xustificar a realización das actividades antes do día 30-11-2014, excepto aquelas que se desenvolvan no mes de decembro, que disporán de prazo ata o día 26-12-2014.

A documentación xustificativa será a seguinte:

- Memoria explicativa da actividade realizada.
- Declaración xurada do beneficiario que acredite que as facturas que se presentan como xustificantes foron aplicadas á actividade subvencionada.
- Facturas orixinais ou fotocopia compulsada.
- Declaración do representante legal das subvencións recibidas para a actividade.

O pagamento das subvencións farase unha vez sexan informadas pola Intervención e aprobadas polo Pleno.

**13ª.—REINTEGRO**

No caso de incumprimento da finalidade da subvención ou falsidade dos datos presentados no expediente, o beneficiario procederá ao reintegro das cantidades recibidas xunto cos seus correspondentes intereses.

Moraña, 11 de xullo de 2014.—A Alcaldesa, María Luisa Piñeiro Arcos.

**2014006225**

\* \* \*

**NIGRÁN****EDICTO****EXPOSICION PÚBLICA DA MATRICULA DO IMPOSTO  
SOBRE ACTIVIDADES ECONOMICAS – EXERCICIO 2014**

A Axencia Estatal de Administración Tributaria elaborou e puxo a disposición deste Concello, a Matricula do Imposto sobre Actividades Económicas correspondente ó exercicio 2014.

En cumprimento do sinalado no artigo 90 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado por RD.Lex. 2/2004, e no artigo 3 do RD 243/1995, do 17 de febreiro, polo que se dictan normas para a xestión deste imposto, e se regula a delegación de competencias en materia de xestión censal do mesmo, dita Matrícula, que inclúe no seu caso as cotas nacionais cando o domicilio fiscal do suxeito pasivo corresponde a este Concello, expónse ó público durante o prazo de 15 días a partir da publicación deste anuncio, de xeito que os interesados poderán consultala na Oficina de Recadación do Concello.

Advírtese que a inclusión dun suxeito pasivo na matrícula, así como a súa exclusión ou a alteración de calquera dos datos aos que a mesma se refire, constitúen actos administrativos contra os que cabe interpor, no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de remate do período de exposición pública da matrícula, o recurso potestativo de Reposición ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria de Vigo, ou ben reclamación económico – administrativa no mesmo prazo ante o Tribunal Económico – Administrativo competente, sen que se poidan interpor simultaneamente ambosdous recursos (art. 91 do TRLRFL e art. 4 do RD 243/1995, do 17 de febreiro).

Nigrán, 3 de xullo do 2014.—O Alcalde, Alberto Valverde Pérez.

**2014006168**

\* \* \*